

I Xuntanza 2019 / II Xuntanza 2020

# LAND ART EN SEIRA



-Unha homenaxe á natureza dende o prisma da arte-







## LAND ART EN SEIRA.

Unha homenaxe á natureza dende o prisma da arte.

I Xuntanza 2019  
II Xuntanza 2020


Queremos adicar e agradecer esta obra á xente que o fixo posible, á familia Rodríguez Vidal, ós participantes das xornadas, a Gonzalo pola comida, ó Pemento pola cervexa. Especial mención para o espazo para a arte «Catro Gatos».

Autor: Andreas T. Ruiz Dubrovín, Camilo Seira e Erundina Alvela Figueira.  
Deseño e maquetación: Andreas T. Ruiz Dubrovín.  
Deseño de portada: Andreas T. Ruiz Dubrovín.  
Investigación: Camilo Seira e Erundina Alvela Figueira.  
Corrección: Andreas T. Ruiz Dubrovín, Camilo Seira, Erundina Alvela Figueira.

As fotografías e recursos gráficos foron extraídas de bancos de imaxes libres e gratuitos, aínda así utilizáronse outras que pertencen ós seus autores, Jorge Agra, Camilo Seira, Andreas T. Ruiz, Salvador Castaño e Jesús Calvo.

**\*Esta obra é gratuita e queda expresamente prohibida a súa venda.**





# ÍNDICE

■	Introdución. <i>Lois Gil Magariños.</i>	6.
■	Arte e etnografía.	7.
■	Seira, historia do espazo.	9.
■	Itinerario.	11.
■	Artistas.	
	1. Tito Furelos, Carmen Hermo e Pepe Míguez.	12.
	2. Juan Ares.	13.
	3. Xurxo Guimarey.	14.
	4. Juana Seco Mato.	15.
	5. Tino Canicoba.	16.
	6. Iolanda Eiras Moreiras.	17.
	7. Alfonso Blanco.	18.
	8. Andreas T. Ruiz Dubrovin.	19.
	9. María Rodríguez Vidal.	20.
	10. Vicente Ruiz Soldevilla.	21.
	11. María Rivero Jiménez.	22.
	12. Jorge Agra Carregal.	23.
	13. Inés Silvalde Videla.	24.
	14. Natalia Emilio Horschovski.	25.
	15. Xosé Manuel Méndez Rodríguez.	26.
	16. Delio Sánchez Lojo.	27.
	17. Carmen Hermo.	28.
	18. Camilo Seira.	29.
■	Conclusión.	30.



*-Nada evoluciona de golpe, sen antecedentes-*

### Frans de Waal

Coas súas aletas a modo de palas o peixe globo xaponés labra o fondo areoso dun xeito tan planificado e tan harmoniosamente xeométrico que resulta sorprendente nun animal mariño. Ademais, a súa laboriosa e infatigable actividade é capaz de prolongarse ininterrompidamente durante vinte e catro horas debido á inestabilidade do seu medio. Debe apurar na construción do seu magnífico rosetón en baixo relevo antes de que as correntes estraguen o que será un suntuoso salón nupcial. Mágoa que o fugu, nome nipón da especie, sexa un dos platos estrela da cocíña xaponesa. Curiosamente, a forma do seu emplatado é unha copia da forma xeométrica trazada polo propio peixe.



Das vinte especies que constitúen a familia dos ptilonorrínquidos, a chamada pergoleiro pardo é unha das dezasete que desprega unha curiosa práctica para impresionar ás súas femias. Pacientemente cada individuo macho constrúe unha pérgola (de aí o seu nome xenérico) usando materiais naturais de todo tipo, lixo biolóxico como o musgo seco, caparazóns de caracol, landras, pedriñas e até obxectos de refugallo de consumo humano que acarrea co seu peteiro e arromba coas súas patas nun destro e elevado exercizo de orde e simetría orixinal capaz de seducir á femia máis atractiva do seu bosque.



Congo, un chimpancé artista pertencente á especie pan troglodytes, que nos deu a coñecer hai case medio século o zoológo Desmond Morris, vacilaba co pincel na man diante dun papel antes de executar os trazos e manchas das súas obras gráficas. Parece que tiña conciencia de cando a obra estaba concluída ou era percibida como inacabada. O importante aquí non é que se fixera unha exposición no Instituto de Arte contemporáneo do seu gabado "lirismo abstracto" senón o desveamento dun común sentido estético que se manifestaba nun curmán carnal da nosa propia especie.

A comezos do verán unha vintena aproximada de exemplares da subespecie homo sapiens sapiens reúnese no Agro do Souto, en Seira, para construír estruturas feitas con materiais naturais atopadas no entorno. Estes primates homínidos anatómicamente modernos exploran, acarrexan, xuntan, trenzan, limpan, rúscan, trozan, dobran, combinan e artellan curiosas estruturas feitas con materiais atopados neste natural entorno: herba seca, pedras, fentos, pólas, musgo, hedras, espadanas, auga, terra e bosta. O complexo rito humano, no que non parece observarse ningunha función selectiva de carácter sexual, prolóngase durante dous días e complementáanse con grandes banquetes, inxesta de bebidas espirituosas e cánticos diurnos e nocturnos.



Dotados de locomoción bípeda, mans habelenciosas e unha cerebralización capaz de despreñar capacidade lingüística simbólica, son os únicos animais que se autodenominan artistas.

## Arte e Etnografía

Este certame de arte e natureza é unha homenaxe a aqueles traballos do campo que se facían antigamente e que hoxe só perduran nos recordos. Aquela forma de vida autosuficiente, renovable e que non creaba residuos. Traballo duro pero variado e satisfactorio, ao aire libre que xeraba saúde corporal e paz mental, que resultou eficaz durante miles de anos. Só deste xeito podíanse crear obxectos de unha enorme beleza intrínseca que decoraban inconscientemente as nosas aldeas. A modo de exemplo enumero os seguintes, dos que ademais recollimos a denominación que se lle dá na aldea de Seira:

- As diferentes formas que se lle daban aos "palleiros" e "fachuqueiros" feitos con "manllos" de herba, de trigo, de centeo e palla de millo.
- Os "feixes" de herba ben acoutados e anoados.
- Os "billotos", é dicir, mandos de paus miúdos, cortados e colocados con mimo uns enriba dos outros cun rigor e unha pericia admirable.
- As viñas "podadas" e atadas cun simple vimbio e un nó mestre.
- Os regos que regaban as cortiñas feitos a man cun sacho e moita paciencia.
- Unha leira de coles plantadas en perfectas ringleiras.
- As "marxas" de cultivo do trigo.
- As "restas", perfectamente trenzadas, de allos, cebolas.
- A colocación minuciosa e obsesiva do millo no hórreo en "bños".
- Os valados divisores de fincas construídos a seco.
- A "morosa", pedras amontoadas tras sachar a terra.
- Os "quiteiros", que se debuxaban nas presas dos herbales.

Aqueles traballos resultan impecables dende o punto de vista artístico, eran outros tempos e outras xentes, acostumadas a observar e sentir a natureza, coñecedoras dos recursos que esta lles proporcionaba. Sabían facer ben as cousas e entendían que para iso precisábase dedicación e tempo. Saberes estes, transmitidos de xeración en xeración dun xeito consciente e inconsciente dende fai miles de anos. Isto provocaba que a humanidade e a natureza viviran nun estado de simbiose onde ambos entes se vían favorecidos.

Moi posiblemente cando se realizaban estes traballos non se tiña en conta o sentido estético, pero, o feito de coñecer o seu entorno e as posibilidades dos materiais que este ofrecía, facía que todos estes traballos tiveran un mesmo criterio. Deste xeito todo harmonizaba co medio onde habitaban. Optimización de recursos, máxima funcionalidade, perseverancia, destreza e integridade no traballo, comparables ao que desenvolve un paxaro cando fai o seu niño.







O sistema de vida actual crea persoas cada vez máis dependentes e menos autosuficientes, quizais teñan maior información que as xeracións pasadas, pero o certo é que non podemos facer case nada sen depender do sistema ou de outras persoas. Este modelo de vida conseguiu que nos desvinculáramos da natureza, incluso a xente que vivimos nela, no rural, subestimando coñecementos ancestrais, ante calquera novo invento sen coñecer as súas consecuencias; ben por ignorancia, por odio a propia cultura ou por asociar a fame da posguerra con todo o que se facía antes.

E deste xeito preferimos usar un herbicida ou unha maquinaria custosa que require combustible fósil, mantemento e reparacións a coller un sacho ou unha gadaña, sabendo que estamos destruindo en pouco tempo o noso planeta. O descoñecemento da natureza e do ecosistema que nos rodea corta a nosa creatividade e cáusanos unha incompetencia que pode chegar a destruír a persoa e incluso a toda unha sociedade.



Como ben di Manolo Rivas "A min custoume algún traballo dicir sen respirar que había plantas monocotiledóneas pero non din sabido de que familia era, se é que a tiña o toxo, que douraba os montes de Galicia". Son consciente de que ao ler as miñas verbas o lector pode pensar que son unha persoa ancorada no pasado, que cre que calquera tempo pasado foi mellor. Non é iso, sei que o pasado tiña cousas escuras e moi negativas, ao igual que ocorre na sociedade actual. Pero no senso de coídar o medio natural, de realizar tarefas onde non se producía lixo, onde non se destruía a natureza e incluso esta se vía favorecida, onde se empregaban os recursos que a natureza ofrecía en cada zona, neste senso, eran tempos mellores. Na actualidade a maioría da sociedade sabe, ou pensa que temos que cambiar os nosos hábitos, para procurar un consumo e un xeito de vida máis sostible. Para acadar isto poñémonos nas mans de todo tipo de científicos, enxeñeiros, arquitectos, informáticos, etc. Penso que se miramos ao noso pasado estas respostas que buscamos hoxe, sobre este tema de ecoloxía e sostibilidade, teríamos moitas delas resoltas. Podemos recuperar e empregar patróns de conducta que sabemos que son rendibles a longo prazo, ademais de proporcionar traballos máis gratificantes, con iniciativas diarias, con entrega e responsabilidade plena e con compensacións que nacen de ver un completo desenvolvemento de cada tarefa. En resumo, unha maior calidade de vida.

#### ■ Camilo Seira e Erundina Alvela



## Seira, historia do espazo.

A aldea de Seira localízase nun extenso val fluvial, orixinado polos aluviós dos ríos Sar e Rois<sup>1</sup>, que provocaron cheas na zona durante miles de anos, o que lle dá a este territorio as súas características xeográficas. O subsolo deste val esta feito en base a cantos rodados, depositados por estas riadas. Na actualidade segue a ser un val inundable, aínda que non en toda a súa totalidade.

O substrato do val é moi rico en nutrientes que favoreceron os cultivos de cereais; trigo, centeo, cebada, liño, e de produtos hortícolas. Destacando durante os S. XVIII e XIX o cultivo e tratamento do liño. Durante estes séculos Galicia foi un dos principais produtores de liño de toda Europa, manufactura que se facía de forma manual nos núcleos familiares. Dentro desta industria, destacan nos documentos históricos, tanto pola súa calidade como pola riqueza de manufacturados, os vales de Rois, Padrón e Caldas de Reis. Na actualidade pódense observar vestixios desta produción de forma silvestre.

As primeiras pegadas humanas constatadas datan da Idade do Ferro, a escasos 300m da aldea atopamos Castro de Oín. Os castros da idade do ferro percorren toda a conca dos ríos Rois e Sar ata chegar a súa confluencia co río Ulla. Pero, sen dúbida, a etapa histórica mais coñecida desta zona é a romana, claramente baixo a influencia da cidade e porto romano, Iria Flavia, en Padrón. Grazas ao Itinerario Antonino podemos dicir que este val é atravesado pola Vía XIX de época de Augusto. O devir histórico lévanos ao S. V, a época Sueva, onde podemos atopar vestixios arqueolóxicos tanto na igrexa parroquial de Seira como nunha das vivendas da mesma aldea. Observamos, así mesmo, restos de vivendas medievais moi preto do lugar de traballo do Land Art, incluso nunha das portas, localízase unha arcada baixo medieval. A idade moderna témola representada por toda a aldea, en vivendas, hórreos, muíños,... que segundo as catalogacións de patrimonio cultural datan dos S. XVII-XVIII e XIX. Unha das construcións máis salientables do S.XX en Seira é a "Casa do Bispo", unha casa modernista construída, na década de 1920, polo bispo Manuel María Vidal Boullón, oriúndo da mesma aldea. Nado nunha familia de labregos na casa contigua da que consta documentación do S.XVII. Non podemos obviar a pegada do S.XXI, en forma de vía férrea de alta velocidade sustentada cunha megaestrutura de formigón que rompe a paisaxe natural e cultural da zona.





O espazo da intervención artística forma parte da propiedade da "Casa do Bispo", un total de 5 hectáreas; de souto con vellos carballos, abeneiros, salgueiros, freixos, acacias, robinias, piñeiros. Algúns deles, como no caso do carballo, a acacia e o piñeiro manso, son os máis grandes e antigos do concello de Rois. Moitas destas árbores foron durante anos derramadas, práctica etnográfica para o aproveitamento madeireiro. Este feito apórtalle aos troncos unhas formas e volumes orgánicas moi suxerintes. Estas árbores arrodean e protexen unha antiga pradaría central con centos de anos, como mostran os xigantes "corros de bruxas"<sup>2</sup>. Pola zona norte do souto atravesa un regato que fai moer 7 muiños, dous deles localízanse dentro da área de traballo. O regato dos muiños agocha unha misteriosa tradición local, a carón do sétimo muiño, existe unha ponte de pedra que ten labrado no seu centro un furado, onde se poñía a lavar a roupa interior do enfermo/a. A auga que moe 7 muiños propiciaba a curación. Rosalía de Castro era coñecedora e moradora habitual destes sendeiros máxicos, preto do río Sar, e así nolo fai constar na súa obra.

#### ■ Camilo Seira e Erundina Alvela.

1-O Rois, toma o nome de Seira ao paso por esta rexión, polo que a aldea e o río ao seu paso por este val adoptan o mesmo nome.


2-Formas circulares que describen o micelio dos fungos nos prados.



Actual



1956-57



■ Itinerario artístico.

1. Tito Furelos, Carmen Hermo e Pepe Míguez.
2. Juan Ares.
3. Xurxo Guimarey.
4. Juana Seco Mato.
5. Tino Canicoba.
6. Iolanda Eiras Moreiras.
7. Alfonso Blanco.
8. Andreas T. Ruiz Dubrovin.
9. María Rodríguez Vidal.

10. Vicente Ruiz Soldevilla.
11. María Rivero Jiménez.
12. Jorge Agra Carregal.
13. Inés Silvalde Videla.
14. Natalia Emilio Horschovski.
15. Xosé Manuel Méndez Rodríguez.
16. Delio Sánchez Lojo.
17. Carmen Hermo.
18. Camilo Seira.

CONCELLO DE  
**ROIS**

# Seira

42°46'03.3"N 8°40'16.9"W

■ Mapa da ubicación das obras.

Tito Furelos, Carmen Hermo e Pepe Míguez.

### Tito Sánchez Furelos. 1970. São Paulo.

Aprovéitome do potencial que ten a arte como ferramenta para comunicar e facer máis visible a beleza da natureza e certas problemáticas que poderían pasar inadvertidas. Entendo o traballo artístico como unha obriga de descubrir con sensibilidade e sutileza o entorno natural.

### Pepe Míguez. 1962. Padrón.

Pintor e mestre de gravado. O meu ser artístico está vencellado a un proxecto de coñecemento sensible da "bioforma" da nosa identidade. Son premio extraordinario da licenciatura de Belas Artes do 1998 na Universidade de Vigo. Exerzo a angueira libre das artes plásticas, nun obradoiro de pintura e gravado en Padrón dende o 1999. Confeso estar posuído gravemente pola pintura dende cativo.

### Carmen Hermo. 1967. A Coruña.



42°46'03.0"N 8°40'11.0"O

Neste caso, a acción non consiste en poñer senón en quitar.

Unha das participantes a topos estimulante e espertador para tomar un momento de meditación.



### LIMPANDO A MIÑA CASA APRENDO.

Materiais: a terra, dúas acacias, follas secas, cordel de esparto.

A terra e o noso lar.

Xogo de herbas núas.

Arumes do vento, cariño do sol.

Somos monte, río, ponla e ar.

Febra de herba que pisas.

Arela que terá que cumprir.



# Juan Ares

1973. Padrón.

Realizou os seus estudos na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago de Compostela. Continuou a súa formación no Instituto Europeo de Design de Madrid. Case todo o seu tempo adicouno á decoración e ao deseño de mobles para diversas empresas e estudos de arquitectura. Agora centrouse na costumización de mobles e á creación de obxectos a base de materiais reciclados.



42°46'02.8"N 8°40'10.8"O



As Acacias estípidas penétren entre si, son a base sobre a que o artista se apoia para le levara a esta araña.

A medida que o traballo avanza, o pulpaño a delicadeza do traballo de Ares.



A súa obra atravesará a súa vida a través da capacidade de cada un.



## CANDEAS NA ARAÑEIRA

"Acerca da obra creada para a LAND ART SEIRA 2019, que tivo lugar na carballeira de Seira (Rois), dicir que está realizada a base de flores de castiñeiro, coñecidas como CANDEAS, trezadas e unidas entre si formando unha xigantesca araña."

Traballando cunha paciencia e unha obsesión propia dun insecto, o artista confecciona nas súas mans o fráxil material unido entre si en sistema de velcro, xuntando dúas potentes, e robustas acacias con esas fráxiles sedas.

## Xurxo Guimarey Campaña

1971. Santiago de Compostela.

Tras cursar a especialidade de escultura na facultade de BB.AA. de Pontevedra (onde traballei principalmente escultura en ferro no taller de metal), optei por volcar os coñecementos e experiencias alí adquiridos nun proxecto comercial; mediante a creación dun taller de forxa artística ao que chamei ArteFacto.

Isto permíteume ampliar estes coñecementos experimentando e manipulando os diferentes metais (ferro, aluminio, bronce, inox.), e xunto cun meticuloso traballo de deseño, convertelos en pezas orixinais.



Usar terra molada foi a diferenciación na obra de Xurxo Guimarey.



Carrocando os materiais desde unha zona rural. Demostrando que unha canda nunca é diferente.



42°46'02.6"N 8°40'10.6"O

## BICHO

**Materiais:** pólas de carballo secas, pedras de río, terra negra.

Mediante a reciclaxe das polas do carballo xunto con outros elementos do entorno, quixen dar vida a esta figura, descontextualizando a propia árbore; que fai á súa vez de soporte e elemento central, para convertela nun ser animado desta máxica carballeira.

# Juana Seco Mato

1967. Lestrobe.

A miña profesion de florista permíteme utilizar infinidade de plantas e flores, (combinando formas, cores e texturas) como soporte para a creación de obras que van mais alá dos arreglos florais, para achegarse máis á creación artística. Artistas como Richard Long ou Anish Kapoor, son referentes no meu proceso creativo.

## SEN TÍTULO

Esta obra (Sen título), está elaborada con materia vexetal morta (follas secas, ramallos...) en combinación con materia vexetal viva (musgos, hedras, líquenes...). Estes materiais irán mudando según medren ou se degraden, nunha simbiose que da como resultado un universo vivo e cambiante, perfectamente integrado no seu entorno, permanecendo fiel ao propio concepto do Land Art.



42°46'01.8"N 8°40'11.3"O



O entrelazado das beirras mortais e vivas, ofrece unha visión á clara de que Juana Seco ten estreita relación co mundo das plantas e flores.

As formas simétricas e asimétricas de materia vexetal, aportan diferentes ritmos e espazos. A transformación da idea polo tempo e inclinacións convértena noutro para vivo.





# Tino Canicoba

1955. Santiago de Compostela.


30 anos facendo escultura, pensando en escultura, durmindo con escultura, espertando con escultura... Iso é o meu vínculo coa Arte.

## O COLOSO DAS PINAS

Sendo fiel a súa estética artística, Tino Canicoba, reproduce verídicamente unha das súas tallas en madeira, esta vez utilizando simples pinas de piñeiro, acumuladas e organizadas, tal como un esquiú. Ó final a obra descobre un coloso deitado que, cos seus extendidos brazos, aperta o seu leito.



42°46'01.3"N 8°40'10.3"O



Tino constrúe unha figura tallada que, cos seus brazos extendidos parece levitar ó espectador a deturarse con él.



O espazo que ocupa o seu leito plus o costélamente pechado para manter coagulada de algúnto que chegará a medir 1 metro.



## Iolanda Eiras Moreiras

1974. Lestrobe.

Dende moi pequena tiven a sorte de estar nun espazo onde a natureza, a música e a poesía formaban parte da cotidianidade.

Sería imposible plantexar cando comeza a vinculación ca arte, sinto que nacemos con ela e está en nós, mais o meu medio de expresión para darlle saída ó meu sentir foi e é a voz, a música, a palabra, o poder seguir imaxinando apesares de crear historias, vivir e morrer nelas, cantar cancións, deixarse sentir...

Cantos e contos, contos e cantos...




42°46'02.4"N 8°40'10.5"O

## A BELEZA ESTABA ALÍ.

A beleza estaba alí, por uns intres sentín que invadiría o "traballo" do sentir do tempo que se foi completando con todo aquilo que achegaran os ventos, a choiva, a luz, as partículas de verdín cristal...mais as miñas mans pediron permiso para formar parte daquilo, era tan delicado como máxico, coma ollar por un caleidoscopio pra finalmente rematar nunha nova paisaxe.

Hoxe teño a curiosidade de volver a vela e o agradecemento daquel espazo que me fixo sentir de novo presente ca maxia do que nos rodea e así devolverme á primeira vez que collín un pauciño para facer un debuxo na terra.

Grazas.



Un símbolo botánico para as roses verde como lexos para crear unha lexica chea de forza e poesía. Unas lípezas e unha posta auga esterilizada, son suficientes para crear o artificio.



# Alfonso Blanco

1975. Padrón.

A miña vinculación coa arte é afastada, no tempo, aínda que non tanto como a historia de Waleska... Fun estudante de escultura no Mestre Mateo de Santiago de Compostela, fun estudante de Belas Artes na Facultade Pontevedra, fun estudante de teatro en Espazo Aberto en Santiago de Compostela... moitas veces fun estudante e cada día teño máis dúbidas... cheguei a crer no que non cría e agora creo que non creo no que cría... e supoño que isto que che estou contando non é máis que outra gran mentira.



42°46'02.8"N 8°40'07.9"E



Alfonso para coa súa obra.

## A GRAN MENTIRA FINAL

Nada do que che vou a contar é certo. Podería tentar enganarche. Podería, e non me custaría nada, mentirche con total impunidade. Podería empezar por dicirche, que a miña obra está baseada na mitoloxía eslava. A historia dunha moza de nome Waleska, que facía música coas pedras.

Facía soar os cantos rodados do río e esa melodía percutida mataba a vida de todo aquel que a escoitase. Os peixes, os paxaros, os mamíferos ou as serpes... todo perecía coa música de Waleska...

Podería seguir con esta historia absurda e facer o que quixese con ela... podería matar a Waleska, que a devorasen as pirañas do río... ou simplemente que tropezase e fixérase unha brecha pequena na fronte.

Podería dicirche que devoraba nenos, que blasfemaba ou que se alimentaba do esterco das cuadras...

Poderíache contar mil mentiras... o mesmo que podería facer para falarche desta obra.



Metódicamente as pedras se colocan no taboleiro de auga.



# Andreas T. Ruiz Dubrovin

1979. Madrid.

Nazo en Madrid pero moi cedo veño a Galicia. Sempre interesado polas artes, motivación que adquiero no fogar, as miñas primeiras obras son nas mesas e nos libros do colexio. Fórmome na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, complementando os estudos cun Erasmus na miña segunda patria, Finlandia.

Actualmente desenvolvo miña obra sobre un material moi concreto, o cemento, pero non pecho as portas a outras expresións artísticas.



42°46'04.4"N 8°40'05.6"E



As pedras, colócase na terra por medio de ferramentas básicas como pedras sur unha gran malla como pericoteo e cordas para trazar a circunferencia.



A labor de recollida efectúase debaixo da vía do AVE.

## Concéntricos

A obra desempeñase nun lugar moi concreto, unha zona agochada e alexada. Lugar indicado polas copas dos carballos nun pequeno claro.

O material trazador é un balasto que se atopa cerca da zona, cómplice necesario, de afundir ás vías do tren que, coma una cicatriz aberta, cruza a carballeira.

A intencionalidade é denunciar por medio do material, a incursión da "civilización" no espacio natural e máxico escollido.

A morfoloxía é un amplo conxunto de círculos concéntricos de pedra fincadas na terra, coa intención de crear un cenobio amigable.



# María Rodríguez Vidal

1982. Seira.

A arte está presente en todos os ámbitos da vida, no meu caso non é diferente. Nada nunha familia cun importante vínculo no mundo textil e das artes, sempre me feizizou a idea de crear beleza polo simple feito de creala. Ó meu redor sempre houbo creacións, e iso motivoume á hora de usar as mans para, primeiro, como tecedora e mais tarde, por medio da artesanía, xogar coa arte.



42°46'03.3"N 8°40'10.6"O

Os fios foron fieltreados por fricción manual. Obtívense longos charros para a telexeira da pena acústica.



Unhas unha grande cantidade de lá virou que foi fiada a man.



## O ÚTERO DA NATUREZA.

Trátase dunha obra realizada in situ, utilizando lá de ovella autóctona, pacida neses prados, que, fieltreada coas mans déuselle forma de fio grosso e tecéuse para darlle aparencia de niño e finalmente penduralo da póia dunha árbore da propia carballeira.

A idea principal circunda o concepto de dermis como protección, coma a morada primixenia dos seres vivos. O niño, acentúa esta idea e fala do emprego deste material por parte das aves na formación dos seus habitáculos.

É unha oda o reemprego, o aproveitamento, á protección e o mundo máxico da natureza.

# Vicente Ruiz Soldevilla

1945. Madrid.

Fai moitos moitos anos, a xente de sotana que tentaba educarme xeralmente con castigos máis propios do medioevo, tiveron a inspiración de levarnos a unha mostra de Arte do gran Velazquez, no Cason do Bo Retiro de Madrid. Entre sala e sala atopeime de bruços coa "Dama do espello".

Quedei como cando vin o mar por primeira vez, a cadros. Esa foi a miña gran revelación. O meu serio principio de admiración pola arte.



42°46'05.7"N 8°40'02.9"O



Un espazo íntimo para unha obra íntima onde se materializa un sentimento.



## DÚAS CAMISOLAS

Polo xeral teño un defecto e é o de ter unha certa inclinación cara á heterodoxia nun mundo onde se esixe a orde e os bos costumes. "Heterodoxo de calquera ortodoxia", dixo alguén en algún tempo, nalgún lugar.

Non seguí as regras estipuladas pola organización, mal feito pola miña banda, e pido licenza.

Non se entendeu a modesta instalación xunto ao regacho. Non sei se é Land Art, ou arte na terra, ou unha expresión espontánea nun lugar fermoso, nunha mañá cálida e asollada. Tentouse reflectir un amor prohibido, heterodoxo, clandestino. Unha paixón revolucionaria, cando aínda a Revolución tiña razón de ser subverter a orde. Dúas camisetas sucias polo barro, sucias por un arrebatto, sobre pedras e restos de troncos do que foron árbores. Con dous indicios de rostros, unha instalación que é un túmulo, altar escondido, onde dous revolucionarios puideron soterrar o seu amor.

Lonxe de México, preto do corazón. Nun lugar sen tempo, nun bello lugar onde as augas do verán refrescarán para sempre os amores prohibidos, cópula das ideas revolucionarias. Como se tratara dunha afronta á mediocridade e ás estritas normas de urbanidade. Era o meu modesto recordo a Frida e Leon, a Kalho e Trotski.

# María Rivero Jiménez

1988. Madrid.

Son escultora e o meu método de traballo é produto dunha deriva vital, que se transforma nun obxecto que en ocasións pode ser unha escultura, un libro de artista ou obra gráfica. Na miña deriva tiven a oportunidade vivir e traballar en moitos lugares o cal fíxome coñecer a moitas persoas que aportaron mil xiros canto menos peculiares aos meus camiños.




42°46'06.6"N 8°40'05.6"O

## IGLÚS

"Ramas, feixes de palla e follas."

Esta obra é o reflexo do que me transmitiu o lugar e como me sentín neste espazo, en calma nun fogar na natureza.

Xogo eterno do humano, de buscar cobixo aproveitando o entorno e os seus recursos. Atopamos no sendeiro, dúas cabanas, unha de palla seca, outra de feitos verdes. Unha fráxil seguridade que se ve arroupada polas copas do carballo máis antigo do noso Concello.



Son peregrinacións os  
dous iglús realizados  
a carón das árbores.

A agora, moita co-  
ntestada a labor.  
De fínado, a leira en-  
de pacen as vacas.



# Jorge Agra Carregal

1954. Vilagarcía de Arousa.

O meu, neste, empezou cando era rapaz e gustábame debuxar. Logo a cousa levoume a estudar Deseño e Interiorismo en Madrid onde entrei en contacto con xente da Premovida, que logo se moveron. Alí comencei traballando a fotografía con Carlos X. Berride e facendo exposicións por facultades e colexios maiores da Complutense para logo co grupo Coletivo da Imaxe con Antón Patiño e Menchu Lamas facer cousas en Vigo e Galicia en xeral. Despois de traballar no mundo da construción volví a miñas raíces a principios deste século con lideira tras lideira ata hoxe.



42°46'07.4"N 8°40'05.7"O



O artista pasando coa obra. Obsérvase que o seguridade está todo.




Unha fronteira que aconsella a labor ífan animal pero que peralta e gaño trado usado.

## FEIXE DE PAUS

"A obra é un feixe de paus amontoados facendo como un buraco nunha fronteira calquera... e como se ve o material son ramas apañadas ao redor."

O traballo de Jorge, dunha gran potencia visual, recorda ó sendeiro deixado por un animal tras percorrer un mesmo itinerario, diariamente. Este efecto de uso no sendeiro foi creado polo mesmo artista mentres carrexaba insistentemente paos e pólas cara a súa obra, ó longo dunha dura xornada. O resultado é unha obra interactiva, xa que invita ó espectador a atravesala ca inevitable necesidade de agacharse e adquirir así, unha conciencia e perspectiva animal do bosque.





## Inés Silvalde Videla

1983. Santiago de Compostela.

Licenciada en Belas artes, realiza escultura na Escola Mestre Mateo e Deseño de Interiores na Escola Pablo Picasso da Coruña.

Posúe un gran interese no coñecemento e práctica da técnica pictórica levando á súa traxectoria por etapas e estilos ben diferenciados. Existe un nexo de unión entre todas estas etapas e é a interpretación da figura humana en diferentes estados anímicos.

No ano 2017 arranca unha nova etapa para ela cos Catro Gatos, espazo que xestiona xunto con outro artista plástico, Delio Sánchez.



42°46'06.4"N 8°40'09.1"O



Ardua tarefa a de trenzar herbas de tal dimensión, sen embargo con tensión inconspicua. O espazo recollido foi un enorme prado, onde as vacas cañenas de Casallo pastan.



### O SEU CABELO LOURO

Nun primeiro momento a idea xorde do símil entre a herba segada e seca e o cabelo louro. Unha extensión de terra que se presentaba como un lenzo en branco para ser intervida toda en conxunto. Unha gran cabeleira que tiña que ser peiteada. Como resultado, unha gran trenza representando á nai natureza, protectora e omnipotente. Os materiais empregados foron herba seca manipulada con diferentes apeiros para poder ser trenzada.

# Natalia Emilio Horschovski

1980. Bos Aires.

Cursei na escola ténica de Arte Fernando Fader en Bos Aires onde vivín ata o 2002, momento que fun vivir a Santiago de Compostela, ata agora.

De pequena, sempre estiven en contacto cá arte, como espazo de desenvolvemento persoal e cognitivo.

No transcurso de todo este tempo fixen obradoiros e impartín clases para cativos e cativas na Escola Semente no 2013 e mais tarde na Academia Ultraia entre 2015 e 2017. Tamén como monitora no taller de arte na escola de verán de Teo.



42°46'04.2"N 8°40'11.4"O

## Circuito


Circuito para desenvolver o espazo físico e cognitivo, interactivo. Para cativos e non tanto.

A primeira toma de contacto cá entorna do paisaxe e os materiais, fíxome reflexionar na dureza do traballo e os recursos que ao principio da obra parecíanme limitados polo feito de ser a miña primeira experiencia neste campo. A medida que o tempo e eu mesma ía adentrándome no espazo de traballo atopaba moitísimos recursos que fun aproveitando. Tanto na elasticidade e firmeza da palla como os elementos, troncos e árbores que parecían ir encastrando a modo de creba-cabezas.

Materiais : palla, troncos, árbores, macheta.



Hai tempo para traballar comunicando e comunicándose traballando.



Os materiais utilizados son de gran potencia, grandes troncos que aparecen en bocas de algunhas árbores. O exemplo de Natalia sega coa súa experiencia coas terras e sega coa idea de parque infantil ou como ela lle chama. Circuito físico, cognitivo e interactivo.

## Xosé Manuel Méndez Rodríguez

1956. Santiago de Compostela.

Adicase á pintura desde 1972 ano no que realiza a súa primeira exposición.

O seu estilo é figurativo e ten carácter surrealista xogando moitas veces con composicións mitolóxicas anacrónicas.

Un elemento común na súa obra é a aparición do ovo coma elemento inquedaente e simbólico xerador de vida.

### GUERREIRO-PASTOR

Partindo dun tronco seco preténdese recrear a imaxe dunha figura, metade guerreiro, metade pastor coma a fusión dos míticos Caín e Abel.


Hai que salientar que a pretensión de facer a figura nun realismo figurativo por parte do autor, vese freada pola indocilidade dos materiais (espadana, cana de bambú, ovos chocos, herba e palla) que en estado salvaxe revélanse deixando clara a lección de: "quen debe adaptarse a quen".



42°46'04.0"N 8°40'10.0"O



Méndez articula a súa obra a redor das traxes do seu. Como siles, esculpe os ovos das galiñas do lugar. A serra incoercible de JM.



A forma antropomórfica destaca sobre o fondo que o artista escolleu. Trátase dun ser que nos ofrece unha batalla a pesar do seu aspecto amonástico. Unha figura completamente integrada.



# Delio Sánchez Lojo

1968. Noia.

Pintor e Escultor afincado en Lestedo ( Boqueixón )  
Técnico Superior en Artes Aplicadas á Escultura pola  
Escola Mestre Mateo de Santiago.

"...Delio, apaixonado do Jazz, pinta tocando xa sexa suaves  
melodías do ambiente do Clube, interiores con músicos  
desvelados ou ben estrepitosas obras expresionistas de  
acción impulsiva con cores primarias que se refregan nun  
caos primixenio.

Inspíralle por tanto a natureza e o home inmerso nela, a  
música do home e do mar rumbo, inspíralle a paixón, o  
sinxelo e o rústico..Nada escapa ao seu pincel, nin aos seus  
modelados en escultura, que arrincadas da terra, dan vida a  
formas terreas vestidas de graníticas pedras, e ferros oxí-  
dados ..."

J.L.Iglesias Diz




42°46'02.7"N 8°40'11.1"O



O contexto descansa no  
lugar escollido polo artis-  
ta provocando curiosidade  
de os participantes.



Diseño forme o arácnido  
por medio das pedras e dos  
mangos.



## ARÁCNIDO

Granito, musgo e Hedra.

A obra foi concebida para magnificar unha das especies de  
artrópodos máis favorecedoras para o medio ambiente,  
pois son as maiores depredadoras de insectos do planeta,  
controlando o seu número, evitando pragas.

En contraposición coa mala fama e o medo que ela provo-  
ca en moitas persoas, o artista quere facerlle unha home-  
naxe.A escultura está concebida en dúas partes, niño e a-  
raña.

# Carmen Hermo

1967. A Coruña.

Comprometida desde o inicio co medio ambiente, desenvolve a miña obra no ámbito da arte e a natureza. Os meus proxectos arráiganse nos fundamentos do debuxo cunha práctica diluída e borrosa de xéneros. Esculturas, pinturas, gravados, debuxos, animacións, vídeos e instalacións ao servizo dunha proposta libre de fronteiras. Artista en activo, resistindo.



42°46'02.7"N 8°40'11.1"O

## PINCEIS 42°7674 -8°6697

As árbores perdidas, os troncos á deriva, os tocos gretados polo tempo son unha das materias que conforman a miña linguaxe artística. Ao cabo dos anos teño reivindicado a verticalidade xa inexistente das árbores dos resto destes tocos, simplemente tallando a súa xeolocalización no seu corte. Outras veces facéndolles un retrato idealizado a partir dos árbores-familiares que quedan ao seu arredor. Noutros casos, dependendo da contorna, incorporándolles algún elemento que lles faga especiais dalgunha maneira. O toco de Seira é un resto de árbore nunha contorna idílica. Neste espazo as árbores semellan altísimas catedrais que coroan o teito con vidreiras engaioladas de luz e de follas.

A proposta é moi sinxela e vai na liña poética da incorporación dun elemento alleo ao toco e neste caso tamén a árbore. Sen ramas nin follas xa non pode formar parte dese teito catedraliceo. Xa non debuxa ou pinta esas luces, que cando nos tumbamos baixo delas, nos fan entrar nun estado de descanso e felicidade solo acadable mediante a volta a natureza tal e como describía en Walden o romántico Thoreau.

Respectando as premisas do encontro, de unicamente empregar os materiais e ferramentas atopados na contorna, fabricáronse larguísimos pinceis a base de canas e prumas para que ese toco continúe pintando esas luces brillantes do teito do bosque.



Traballando o toco cos pinceis xerados as sías greñas.



Esbozo realizado con materiais atopados: carbón da fogueira e chumbeiro de follas de plantas verdes, herbas e follas secas.



# Camilo Seira

1974. Seira.

Xa na infancia demostra un especial interese polas artes plásticas.

Comeza como aprendiz no taller do escultor, discípulo de Asorey, Fernando García Blanco, co que pasará tres anos, feito que marcará a súa traxectoria. Gradúase na Escola de Artes Mestre Mateo na especialidade de volume.

Máis tarde licenciase en Belas Artes en Pontevedra.

Exerce como mestre de escultura na Escola de Canteiros de Poio.

Posúe unha especial sensibilidade cara a natureza, os animais e o patrimonio cultural galego, sentimento que plasma na súa obra reflectíndose nos materiais cos que traballa.

Realizou máis de vinte e cinco monumentos públicos distribuídos por toda a xeografía española.



42°46'02.9"N 8°40'11.5"O



Candía, artefacto diversos materiais para configurar aos fillos sortados, varias obras. Neste caso, bosta e pedra en pédo de carballo.

A hedra, no seu día, acompañando fiel do carballo adquiriu a súa propia presenza.



## A presenza da ausencia.

Materiais: tocón de carballo e rama de hedra.

A hedra cóntanos unha historia de amor destrutiva, fálanos dunha vella relación cun carballo forte e vigoroso, o seu amor cara el era tan intenso que o que comezou con pequenas caricias foron co paso do tempo transformándose en intensas apertas que lle impedían ao carballo posuír o seu propio espazo, ata chegar a asfixialo por completo. Agora chora no seu dolo, vótao en falta e mentres mira o ALTAR baleiro, fálanos del, da súa existencia, das súas formas, da súa forza e da súa fragilidade.

Outros traballos:

- "Flores de esterco": materiais; bosta e bambú.
- "Carballón": materiais; bosta sobre carballo.





## CONCLUSIÓN

O proxecto deu inicio como algo experimental no seu conxunto, xa que era a primeira vez que plantexabamos algo similar e non coñeciamos a implicación e gañas dos participantes. Dende o punto de vista matérico, tamén era experimental, xa que os convidados descoñecían os elementos cós que contaban para definir cada proxecto. O resultado ía ser incerto, escapábase o seu control. Nós pretendíamos crear pero a natureza mandaba e durante o proceso podía xurdir a maxia ou non.

Foron dous días intensos de ideas, traballos, aprendizaxes e convivenzas entre artistas de moi diferentes ámbitos: escultura, pintura, fotografía, decoración, música, literatura...

Algo que nos sorprendeu foi ver como, a pesar da individualidade dos traballos, afluíu un vínculo común grazas ó emprego dos elementos que nos ofreceu a natureza do lugar. O conxunto funcionaba coma unha peza única onde a beleza das obras resaltaba a propia beleza da paisaxe, e viceversa. Esta peza única nos permitiu facer un percorrido en común onde as obras e a natureza mesturábanse con actuacións teatrais e musicais, culminada cunha cea de fraternidade acompañada de bo folclore. Foi interesante, tempo despois, observar como o paso do tempo difuminou dalgún xeito, o traballo executado pola man do home. Así mesmo materiais, que nunca foron alleos ao lugar, embelecían gratamente mellorando en moitas ocasións o resultado final.



Dous ancorelas da man de Moreno Ballea que retratan o espazo ao que tiveron lugar os días de convivencia artística.



## OUTRAS EXPERIENCIAS


No proxecto tivo lugar á improvisación. Unha serie de acontecementos convertiron ás xornadas nun ente con vida propia onde xurdiron experiencias musicais, gastronómicas, de intercambio e amizade. Destacaron os poemas improvisados na copa dunha árbore por parte de Lois Gil Magariños, e as teatralizacións de Tito Furelos,



Aparte das obras mostradas quedaron moitas sen publicar por motivos de espazo, pero aproveitamos nestas derradeiras páxinas en mostrar, uns poucos exemplos, de que a creatividade non ten fin.









Sábado 22 de agosto do 2020

## **II XORNADA DE ARTE E NATUREZA EN SEIRA.**

Este ano o certame será unha homenaxe a esa xeración de maiores que nos abandonaron neste estraño 2020. Eles foron os inspiradores do noso certame e os que deixaron na nosa retina esas creacións etnográficas feitas co mesmo mimo que un paxaro fai o seu niño, coa destreza adquirida durante xeracións en comunión coa natureza, empregando os propios elementos do lugar. Esta é a única cláusula para as nosas creacións artísticas, manexando coas mans ou con ferramentas básicas os elementos atopados no entorno natural. Nesta ocasión, imos comprobar como a riqueza dos materiais do "Agro do Souto" poden variar en cuestión de días; os ciclos de crecemento das plantas e das árbores propiciannos unha ampla gama de formas e texturas que mudan no devir continuo do seu ciclo vital. Así, nesta edición poderemos atopar materiais diferentes con respecto as xornadas do ano pasado celebradas no mes de xullo.

## ARTISTAS PARTICIPANTES



- |                            |                           |
|----------------------------|---------------------------|
| 1. J. Mendez «Pitelos»     | 11. Camilo Seira          |
| 2. Borja Insua             | 12. Delio e Laura Sánchez |
| 3. Inés Silvalde           | 13. Alfonso Blanco        |
| 4. Vicente Ruiz Soldevilla | 14. Ifaki Canterla        |
| 5. Juan Moreno Badía       | 15. Xurxo Gulmarey        |
| 6. Jo Redpath              | 16. Nita Seco             |
| 7. Manoel Bonabal          | 17. Yas Farhani           |
| 8. Che e Manolo            | 18. Nando Pereiro         |
| 9. Natalia Horschovski     | 19. Oscar Aldonza         |
| 10. Andreas T. Ruiz        | 20. Anxo Estevez          |
|                            | 21. María Rivero          |

## UBICACIÓN DAS OBRAS



# J. MÉNDEZ «PITELOS»

Helicoide cinética.

Está feita de; bambú negro, fibra de espadana e de cânabo.

Inspirada na calda de sementes voadoras, xira según a forza do vento e pretende engadir son mediante a percusión das canas abertas penduradas sobor dos brazos superiores.



# BORJA INSUA

09-05-1982

Nado en Corcubión

Adicase profesionalmente ao teatro de monicreques e escenografías.

Graduado na Escola de artes e oficios Mestre

Mateo na modalidade de escultura.

Partindo da observación do entorno do Souto, descubrín un pozo antigo que me fixo ver unha especie de vía cara o interior da Terra. Unha conexión que une a forza do interior do planeta coa vida do exterior que habitamos. Sempre traballo co fantástico, e optei por facer unha máscara totémica ou "porta" que fai de entrada ou saída segundo vaia un. Os materiais a utilizar foron caixa de bambú, loureiros, castiñeiros, fielta, un pino seco morto, palla e folla de pita. As Pupilas son carrabouxos.



# INÉS SILVALDE

Autora: Inés Silvalde Videla

Título: "Scarabaeus viettei"

Ano: 2020




A idea xurde tras unha primeira toma de contacto co espazo que se nos brindou para facer a intervención artística.

Foi no 2019 cando visitei por primeira vez a finca de Seira e puíden facer unha análise da grande variedade de árbores autóctonas, zonas de pasto, zonas de sol e sombra ...

Intentei facer unha síntese de todo o captado co fin de abordar unha idea : Naceu así a imaxe dunha gran bola que o envolvese todo. Unha peza que fose representativa de todo e non se ubicase en ningún sitio en particular .

O proceso foi complexo e incerto xa que cada materia ofrecíame unhas características de resistencia e flexibilidade moi particulares que me permitían atar , enredar ou reencher para conseguir o resultado imaxinado.

Unha peza compacta pero oca na que se puidesen ver os elementos de orixe, irregularmente esférica , como si o vento fixese un gran enredo e presentase a todos eses elementos tan cercanos pero tan alonxados nun proceso infinito.



# VICENTE RUIZ

No mellor día desta maldita pandemia, mentres amasaba coas mans a bosta das vacas cache-nas de Seira, e mesturaba con barro e augua, víñame á cabeza tanto falso ídolo, tótem «bron-ceado» en prazas de cidades e pobos. Ídolos an-tropomorfos, en actitudes arrogantes, adorna-dos en medallas, os que levaron sempre aos ci-dadáns polo camiño do caos, a defender en ma-sa a súa Causa, edulcorada de Común, de Patrio-tismo falso.

Véxoos en balcóns e estrados, enardeciendo o mellor do Pobo, con enérxicos intentos de lavarlle o cerebro.

Todos eles representados nun só monumento:  
«Monumento ao perfecto imbécil».



# JUAN MORENO BADÍA

1945, A Coruña.


1964 a 1968, estudos de Arquitectura en Madrid. Desde 1968 a 1978, dedicación profesional á pintura artística, con exposicións individuais en: Madrid (Galería Toisón, Galería Internacional), Cuenca (Casa de Cultura, Sala Honda), Ibiza (Galería 5, Carl Van der Voort, Pussy Cat) e Ourense (Museo Arqueolóxico).

Como aparelador, comparte a súa dedicación coa construción, colaborando en distintos proxectos, obtendo por iso diferentes premios entre os que destacan:

1987, Restauración do interior da Capela de San Isidro, en Madrid. (Premios Europa Nostra 1991 e Concello de Madrid 1990). Arquitecto: Javier Vellés Montoya.

1989, Palacio Provincial de Feiras, Exposicións Comerciais e Convencións de Xerez da Fronteira, Cádiz). (As obras de restauración das murallas de Melilla recibiron polo seu conxunto o premio Europa Nostra 2000. Arquitecto: Javier Vellés Montoya.

O conxunto Casa do Concello, Auditorio, Fábrica Goday, Praza, Muelle de Pao na Illa de Arousa, Rehabilitación das casas Modernistas, Arquitecto: Manuel Gallego Jorreto.



As cornas dos cervos en loita maclanse para formar o esqueleto de un mundo. Un «quanta» de ramas de carballo e outros, carga que podo transportar dunha vez, constitúe o material para urdir o feto.

O esqueleto medra de dentro a fora, coas partes máis fortes no sei interior dobrándose e fundíndose cun cordel de forno.

Cara fora medra como unha rede, interpolándose con ramas cada vez máis pequenas ata as follas na exterior e finalizar a carga.

A obra non ten unha posición predefinida, pode situarse en calquera lugar e orientación. Forma un poliedro do que calquera das caras pode ser a base. Podería rodar.

O ideal, é que o levara o vento en algún vendaval de outono e non se volvese saber dela...

Si se teme á nostalxia podería filmarse a queima.





# JO REDPATH

Formación en Gran Bretaña: Foundation course - Canterbury college of art, Kent.  
Grao en escultura Corsham, Bath, Avon.

En 1984 mudeime a Galicia, e desde entón traballo e fago exhibicións en ambos países. Desde a miña infancia dedícome á arte; digamos que o meu traballo en realidade é un conto ou un soño que vivo inmersa nas miñas paixóns: o mundo natural e as persoas. A miña obra contén moitas das miñas preocupacións pero tamén o meu sentido do humor, cousas que me atopo no meu día a día. Uso materiais simples como o papier maché, arame, tea, barro, etc... Tamén obxectos gardados durante anos que aos poucos atopan o seu sitio.

Traballo de forma rápida, moldeando, enchendo, cosendo e pintando. Tento capturar fragmentos do meu mundo imaxinario para compartilo e obter unha reacción doutras persoas. Nin máis, nin menos. O entorno ofrecido no bosque de Seira era perfecto para o meu traballo. Un lugar máximo onde atopei e construí algúns novos personaxes para incorporar no meu conto.




# MANOEL BONABAL

Manoel Bonabal (Santiago 1961), estudou na Escola de Artes e Oficio e no Centro Internacional da Estampa Contemporánea, completou formación no taller do seu pai (escultor).

O mail art, gravado e pintura son as súas formas de expresión. A súa última exposición individual Amorland creoulle unha inquedaanza especial pola terra coma lenzo.

Tras sentar e observar a paleta de cores que a fraga de Seira me ofrecía, atopei un bo espazo nun tallo cuberto por un musgo de cores vivas. Só tiven que rañar nel con un bisturí, coa minuciosidade que a dispoñibilidade de tempo dabondo permitíame desfrutalo. O motivo que estaba "oculto" e que descubrín, foi unha forma cruciforme que ultimamente e teima que insistentemente volve. Unha reivindicación dunha estética apropiada pola relixión e que para min só ten un valor de trazo fermoso. Logo, só tiven que documentar no caderno con lapis e acuarela e facer unhas fotografías. O tempo metamorfosearanos (a forma e a min).



# CHE E MANOLO

## SONS NO SOUTO

Che Vázquez, artesán e construtor de instrumentos tradicionais, en colaboración de seu irmán Manuel, deseñan un instrumento idiófano (que ten o seu propio son dado que usa o seu corpo como materia resoante) nunha estrutura composta por dous xugos, onde se colocan cinco troncos de acacia de diversos longos e grosos, enriba dunha cama de palla. Este conxunto golpéase con outros dous paus conseguindo facer un ritmo de percusión con distintas notas.



# NATALIA HORSCHOVSKI

Natalia Judith Emilio Horschovski

Bos Aires 12 / 4 / 1980

Nace en Bos Aires, Arxentina onde cursou os estudos de Belas Artes.

No ano 2002 marcha a Galiza, onde vive actualmente e desenvolve a súa faceta artística en diferentes exposicións e, a través das clases e obradoiros de arteterapia en grupos con diferentes capacidades

O xardín das delicias de Rois.

A obra percorre nunha zona con bastante humidade xa que o fio conductor da obra é o musgo depositado na pedra,ca técnica de baixo relevo.



Ademais utilizouse, remolacha e ourizos de castaña.

O xardín invita, a través de diferentes contrastes da natureza, tanto de texturas como de cores, a tomar uns minutos de repouso en cada pedra para observar as diferentes composicións. Así, o seu obxectivo, é que poidamos recordar como era a vida contemplativa. A intención é denunciar a "Sociedade do éxito" imposta hoxe en día, onde se atopa unha constante motivación cara a produtividade e a necesidade de tapar os momentos de "baleiro" con todo tipo de estímulos e ocupacións posibles, que no só xeran unha ansiedade programada senón ademais, unha sensación de frustración continua. Unha presión engadida de ter que lograr, no só un produto, senón que este debe ser un produto acabado de maestría, en calquera das actividades que fagamos, incluso nas de lecer. Xa sexan na área da música, nas artes ou deportes.

A obra invita entón, a volver encher as nosas caixas de ferramentas da vida, conceptos como, o silencio, a observación, o repouso e a simpleza. Ferramentas fundamentais para un bo desenvolvemento humano.



# ANDREAS T. RUIZ



«Baleira está a nasa, baleiro tamén o ceo de estrelas. Trazos dun espazo finito, correoso, de acotadas formas imaxinarias. Un presidio, sen sentido. Son memorias dun anaco de mundo cautivo e derrotado que non consigo descifrar.

Descubro unha xeometría de prosa tinguida de luz, armazón escravo dos tempos. Unha estrutura esquecida que se distrae mentres busca á dirección que mira.»

# CAMILO SEIRA



## AS MAMAS

Ao igual que o certame, esta intervención é unha homenaxe á natureza que como unha nai nos acolle no seu colo e nos dá cobizo. O soporte empregado xa é unha auténtica e insuperable obra de arte, unha robusta acacia, a máis lonxeva da comarca do Sar, as súas fortes raíces sobresaen das profundidades pegadas ao tronco que se retorce como un torso humano, cos brazos erguidos ao firmamento. A miña aportación está realizada en bosta de vaca que ao secar adquire unha textura craquelada semellante a cortiza desta árbore. Deste xeito os grandes peitos aseme llan formar parte da árbore antropomórfica, como se fose un capricho mesmo da natureza. O feito de estar ubicada fora da escala humana, a 6m de altura obriganos a levantar a mirada cando a descubres coa mesma perspectiva e co mesmo desexo que un neno mira os peitos lactantes da súa nai.



# DELIO SÁNCHEZ LAURA SÁNCHEZ

Pacha Mama ou Pachamama (Nai Natureza) é a deusa venerada polos pobos indíxenas dos Andes. Na mitoloxía inca, Pachamama é a deusa da fertilidade que preside sobre a semente e a colleita, personificando as montañas e provocando terremotos. Se hoxe Pachamama se puidese comparecer e ver cos seus propios ollos o que o ser humano fai co seu corpo, acudiría a unha comisaría para denunciar a violación e mutilación que está a sufrir a mans duns salvaxes que se fan chamar humanos. Todo o que temos naceu da Terra, e a capacidade do home para subtraer, roubar e destruír os seus recursos é moito máis rápida que a capacidade desta para rexenerarse e curar as súas feridas. Con esta obra, queremos pedir perdón e homenaxear á nai do mundo, á orixe da vida e dar grazas a todas esas engrenaxes biolóxicas, químicas e físicas que, perfectamente conectadas, permiten a vida de todos os seres que habitan o seu corpo.



# ALFONSO BLANCO

## O SALVAXE

A carballeira é un lugar fermoso, un lugar agradable onde compartir unha xornada con amigos ou coa familia disfrutando da natureza... pero pola noite... a cousa cambia. Os nosos medos saen a relucir:

A posibilidade de que neste mundo occidental, no medio da noite te ataque un tolo cunha motosierra, que una besta atope en ti un bó saco de comida ou que un espírito do século XIII se incomode pola túa presenza e decida alterar o teu sono... supoño que será de 0,001%... supoño, non o sei... pero os nosos medos ancestrais indicannos que esa Carballeira, aínda que sexa pleno verán, unha Galicia industrializada en pleno século XXI... non é o mellor lugar para dormir.

De iso vai a miña obra, DO SALVAXE que aparece cando cae a noite...

Aproveiteime do tronco dunha árbore para utilizar de estrutura e así modelar con lama mezclada con palla, as formas deste estraño ser que rompe, coa axuda da escuridade, os claros pensamentos dos que se atreven a pasar a noite nos dominios do salvaxe.

Fentos, paus e máis palla, foron dando finalmente esa forma angustiosa á miña obra.





# IÑAKI CANTERLA

Álava 1985. Aprende o oficio de Ferreiro da man de Luis Padura un maestro de longa estirpe do Valle de Ayala..No seu taller en Frías ,Burgos mixturase a forxa tradicional coa arte contemporánea. Traballou na restauración da forxa da catedral de Santiago de Compostela, na Sagrada Familia..e no Castelo de Frías..



## «O espello mentireiro»

Neste traballo xógase ca idea do reflexo pero pasado polo filtro do propio artista. Entón, os elementos que vemos no teito da carballeira: follas ,ourizos,pinas,cunha disposición aleatoria natural e aparentemente caótica.Vense reflectidos no chan cunha ordenación coidada,simétrica,e obsesiva.Deste xeito estamos a falar dunha característica habitual no ser humano: a manipulación, a ordenación e a acotación do caos, no lugar de aceptar a realidade insondable. Mentira=mente+ira. Loita entre a mente e o estomago e no medio o corazón tímido que se mantén a o marxe da disputa.



# XURXO GUIMAREY

Jorge Guimarey Campaña  
Santiago de Compostela  
24/03/71

Tras rematar o bacharelato, a facilidade para o debuxo e para construír todo tipo de cousas, foron as que lle marcaron o camiño para cursar Belas Artes na especialidade de escultura. Despois entrou nunha aventura empresarial por medio dun taller de forxa artística, onde empregou os coñecementos adquiridos para realizar obras en metal orixinais e innovadoras. Hoxe sigue traballando en metal, algo máis alonxado do mundo artístico, pero sen desligarse del.



A evolución da arquitectura foi incorporando novas técnicas de construción, e substituíndo os materiais tradicionais por outros prefabricados e nocivos para o medio ambiente, en detrimento dos de orixe natural que se obtían do propio entorno.

Nestes últimos anos foi cobrando relevancia un movemento arquitectónico denominado "bioconstrucción", que consiste basicamente no uso de materiais de baixo impacto ecolóxico.

A través desta obra quixen reivindicar esta forma de construír, aplicando os mesmos principios. Deste xeito, despois de buscar un emplazamento nun claro da carballeira, usei unicamente os materiais que me ofrecía o lugar para reproducir unha vivenda ecolóxica.

A estrutura de bambú está atada con tiras de fibra vexetal, e trezada con vidras ao xeito da cestería, despois cubríno o tellado con palla, como se facía nas chozas tribais ou nas vivendas castrexas.

Con este traballo quixen poñer en valor o concepto da vivenda ecolóxica en contraposición á cultura do ladrillo que nos invade.



# JUANA SECO

Juana Seco Mato  
A Ponte (Padrón) 1967

Despois de rematar os estudos en Santiago, o amor pola natureza, e a creatividade que sempre lle caracterizou; levarona a formarse na escola española de arte floral (UEAF), para despois traballar en obradoiros de arte floral ata crear o seu propio obradoiro no concello de Dodro onde continúa traballando actualmente.


Obra: "esfera"

A obra pretende poñer en valor a relación entre arte e natureza, mediante a realización dunha forma xeométrica como é a esfera, presente en ambas de forma recorrente.

Esta consiste nunha esfera dun metro de diámetro aproximadamente. Situada no alto dun carballo, buscando a integración da mesma nun entorno cambiante como é a carballeira.

Para a construción da esfera utilizouse como material un feixe de vidras (polas delgadas da vide) cortadas dunha vide salvaxe que había preto de alí. Unha serie de círculos amarrados con bridas de fornio deron forma á estrutura, e moitos metros mais de vidras trenzadas arredor da esfera, déronlle a consistencia e forma final.

Por último, esta foi situada no alto dunha árbore, formando parte do entorno.



# YASMINA FARHANI

Yasmina Farhani Luaces

8-12-98 Lausanne, Suíza.

Actualmente son estudante da Facultade de Belas Artes de Pontevedra e tamén cursei deseño na Universidade de Barcelona. Son música, metínme no mundo da música tradicional dende pequena pero sobretudo, son gaiteira. Inquietáname todas as artes e o que surxe das relacións entre elas, de aí o meu interese por sumerxirme un pouco en cada unha delas. Crieime en Mazaricos e teño un profundo amor pola cultura galega e por todo aquilo que nace do rural. Por iso, quizais, o meu afán por plasmar iso nas miñas obras e mostralo ao mundo. Aínda que xa estaba aí. No presente diríxo a Asociación Cultural Abubela Mazaricos.



## "UN BO LUGAR PRA MORRER"

Disque cando morremos quedamos na terra pra que a nosa alma poida evaporarse. Ou a iso ben lle dá sentido o meu querido amigo Javi nun fragmento dos seus poemas:

«(...) É que chegamos sen alma ó ceo  
e chovemos por todos aqueles  
aos que amamos  
por todos os montes  
que sentiron  
unha bola quente no noso interior  
cando a nosa alma era compacta  
cando estaba encerrada nun corpo  
cando vivía dentro do material  
antes dese alento  
que non sei se libera  
ou perde.  
Pero ascende  
perdendo a calor que lle daba o corpo  
E enfriándose no mundo  
Mentras coma calquera masa de aire  
Quente  
Ascende  
E ascende  
Ata enfriarse  
E chover.  
Chegamos sen alma ó ceo  
A alma está na terra (...)»



Por iso, a miña obra vai sobre un bo sitio pra deixarse chover, pra deixarse morrer. Esta consiste nun sillón feito con herba, bosta, terra e un manto de terróns de herba que o recubren pra darlle continuidade co prado e facer que se integre coa terra. Paréceme fermosa a forma na que nos integramos coa terra ao morrer, deixando un pequeno túmulo. O sillón está situado á sombra dun gran salgueiro dende o que se ve todo o prado das cachenas, a Manchitas, e o bosque da finca de Seira á esquerda. Dá o sol todo o día e dende alí pola tarde, vénse os raios do sol entre as árbores. Pareceume un bo sitio pra morrer. Quero agradecerlles a marabillosa axuda que me ofreceron Aldara Aldonza e Tito Bexo, que botaron unha man a facela, e a fermosa compañía das cachenas, que non tardaron nin dous minutos en comela.

# NANDO PEREIRO

Compostela, 1976.

Interesado no debuxo dende moi cativo, realiza estudos da especialidade de Artes aplicadas da escultura na EASD Mestre Mateo de Santiago, que acolle a súa primeira exposición. A esta séguena diversas mostras en distintos espazos de Galiza. O seu estilo conxuga a fascinación pola ciencia ficción, as culturas arcaicas e o mundo natural, manifestándose na creación de seres que o artista denomina "alterentes", realizados en diferentes materiais autóctonos. Noutras coleccións explora o eido automobilístico mediante o emprego de elementos de carrozaría e anacos de lousa, mármore, vidro ou cerámica, mais tamén fai uso de madeira recuperada dos nosos bosques, como demostra coa recente Libredón 2.0.

Título da obra-intervención: «MEMORIAL»

Logo de dous intentos por construír senllas estruturas-armazón, estas foron sabotadas por un grupo de reses que pacía preto do lugar escollido para ubicar a miña proposta, co que procurei inspiración bañándome nas augas do cercano río Sar e, á volta, resolvín amorear un feixe de cons graníticos de diversos tamaños que atopei nas inmediacións para construír unha sorte de cranio de bóvido que servise tanto para disuadir ás vacas que tanto disfrutaban sabotando o meu esforzo como de homenaxe aos animais que xacían sepultados naquel anaco de bosque poboado de carballos e castiñeiros. Inda que dispoñía de numerosas pedras procedentes dun antigo valado semiderruido, preferín respectar aquel e fun carrexando a man outros fragmentos que atopei tanto no sotobosque coma no leito seco dun regato. Tamén me abstiven de sustraerlle a súa casa a varios grupos de térmitas e formigas que ás veces xurdían baixo os penedos. Para rematar, e malia non constituír un elemento natural, fixen uso dun anaco de adival que atopei na parcela para simular o aro metálico que locen ás veces algúns exemplares de vacún doméstico.



# OSCAR ALDONZA

Oscar Aldonza Torres, Santiago de Compostela, 1976. Graduado en Técnicas de Volume pola EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela e licenciado en Belas Artes, Especialidade de Escultura, pola Universidade de Sevilla. Desempeña a súa actividade artística, principalmente como escultor, dende o ano 2002, realizando múltiples exposicións en diferentes lugares de España, Portugal e Francia, compaginando coa súa tarefa como profesor de Escultura na EASD Mestre Mateo. Posúe tamén diferentes obras en espazos públicos de Santiago de Compostela, Teo, Sigüeiro e A Coruña.



Antergo.

Escultura efémera realizada no 2º encontro de Arte e Natureza en Seira, Rois.

Materiais: Terra, herba seca, madeira, fentos, corda e nabiña.

O encontro de arte e natureza supuña un reto para unha creación escultórica diferente, a obra debería estar feita cos materiais "atopados" no lugar, e con técnicas e ferramentas sinxelas. Eu son un escultor principalmente modelador, traballo con materiais plásticos, arxila, cera, xeso, metais... polo que traballar a terra, cousa que tiven clara dende o inicio, non supuña a priori un cambio demasiado grande para o meu xeito de traballar, mais o feito de traballar dende o máximo respecto á natureza espertou en min, tamén dende o comezo da xestación da idea, unha profunda inxenuidade... supuña case a realización dun imposible.

A obra está feita con terra extraída na beira do regato que leva ó muiño, houbo que mesturala con herba seca pois, non sendo suficientemente arxilosa, non se sostíña por si mesma sobre o armazón de madeiras e fentos que soportan a escultura. Durante a súa realización comprobei que a mestura non alcanzaba suficiente dureza, polo que traballei cun lume prendido na súa base que me axudase a secala, isto deulle o proceso de traballo un carácter case ritual, misterioso ou ancestral.

E foi por iso, que unha vez feita a figura elaborei unha última mestura, esta vez de terra sen herba seca, e no seu lugar a nabiña, semente do grelo, recollida por min e pola miña nai. Este engudo unteino por toda a obra e polo chan na súa parte dianteira, así, Antergo e unha sementeira, unha obra mutante que cobra vida, unha vida que será ofrecida ó gando que paze na finca, quizais, ou os insectos que chucharán das súas flores, ou as persoas que gusten de recoller tan delicioso manxar, ou pudrirá para alimentar vermes e lombrices, non o sei, nin o considero realmente importante, pois unha vez suceda isto ou calqueira outra posibilidade Antergo terá cumprido a súa función, devolverlle á terra en outra forma, o que un día foi a súa propia forma.



# ANXO ESTEVEZ

Nome: Anxo Estevez Barcala

Data de nacemento: 23/07/1989

Lugar: Pontevedra

Un rapaz que traballa con materias e técnicas antigas, participando na súa conservación e restauración. O que permite inspirarme na historia pasada para fundamentar a creación, investigación e fusión coa actualidade.

Título: rexurdir de vida

Materiais empregados: troncos de carballo ocos, planta "abrazo de home", pedras e follas de rafia.

Explicación da obra: Tento mostrar o rexurdir da vida a través da morte, e colgo pedras das ramas para mostrar a fraxilidade e o equilibrio da mesma.



# MARÍA RIVERO

1. Nome: María Rivero Jiménez

Data de nacemento: 15 de Outubro de 1988

Lugar: Madrid

2. Son escultora e o meu método de traballo é produto dunha deriva vital, que se transforma nun obxecto que en ocasións pode ser unha escultura, un libro de artista ou obra gráfica. Na miña deriva tiven a oportunidade de vivir e traballar en moitos lugares o cal fixome coñecer a moitas persoas que aportaron mil giros canto menos peculiares aos meus camiños.

3. Título: Camiño

Materials Empregados: Cantos de Río, pés de carballo, feixes de menta e follas de fento.

Explicación da obra: Na realización da obra escribín un poema que reflicte o que quixen transmitir ca miña intervención, un camiño que empeza nun lugar de meditación para desembocar nun río, metáfora da sabedoría dos nosos maiores:

«Camiño de pedras.

Camiño de oportunidades para aprender.

Camiño irregular ondulado,

Ondulante camiño.

Camiño soa, segura e en paz.

Camiño sen presa, sen medo.

Camiño camiñando, correndo, nadando,

soñando, saltando e voando.

Camiño bailando.

Camiño cantando, rindo e chorando.

Camiño pensando,

e pensando no camiño escriboche,

o que pensei camiñando.»







Francisco Otero Barreiro ▲



Esperanza Mara ▲



Giuliano Pacifico ▲

Camilo Seira ▼




Houbo obras que quedaron orfas e non puideron ou non quixeron ser encasilladas, nembargantes dende a dirección queremos facerlles mención para que dende a súa caducidade natural permanezan para sempre, nas páxinas deste libro.

Tras unha xornada curta pero intensa, tiveron lugar unha serie de actividades relacionadas cá arte que complementaron xenialmente a II Xornada de Arte e natureza en Seira. Unha comida, actuacións musicais e incluso bailes acompañaron ós convidados a participar no concello de Rois.



Houbo actuacións por parte de Blanca Cendán que participou con Suso Alonso e mais con Esperanza Mara deleitando a xornada con música moi especial. Borja Insúa participou cō son da súa gaita e o baile dos seus monicreques.







A tarefa da nosa especie é preservar a cultura xunto ca natureza.

Baixo esta premisa medra a idea de crear unhas xornadas de iniciación ao Land Art na aldea de Seira, concello de Rois, ca intención de compartir experiencias que xordan da convivencia entre artistas de diferentes ámbitos e estilos.

As primeiras manifestacións de Land Art que nacen en EEUU nos anos 60, estaban ligadas a homes curtidos e intrépidos que con maquinaria pesada e potentes motores diésel movían grandes cantidades de terra e po, buscando a súa propia identidade, fundindo a nai terra co seu propio ego, froito dunha era de explotación industrial. Lonxe deste concepto de Land Art e cargados de nostalgia de aquel edém preindustrial onde o home coidaba, limpaba, lavaba e acariñaba o seu terruño coma se fose un xardín, creando paleiros, terrazas, regatos, ou pilas de leña, auténticas obras de arte e símbolos da unión e simbiose ca natureza. O que buscamos con este encontro artístico é o vínculo perdido do individuo ca nai terra, esa enorme matriz onde florecemos e onde nos podrecemos.

Lonxe das transaccións cosmopolitas e os espazos brancos das galerías, o "Agro do Souto" na aldea de Seira, son tres hectáreas dunha pradaría arrodada dun bosque baixo onde se mesturan grandes carballos, abeneiros, salgueiros, freixos, roblinas, acacias e piñeiros.

Co fin de protexer o entorno paisaxístico do lugar e sen intención de coaccionar ningunha proposta artística, elaboramos unha serie de suxerencias/normas a ter en conta á hora de levar a cabo calquera proxecto artístico. Traballamos só cos materiais que atopamos na zona de intervención, tales como; ramas, follas, landras, bugallos, pinas, espadanas, canas, herbas, pedras, terra, bosta..., e que podían ser manipulados manualmente ou cas ferramentas permitidas; navallas, tesoiras de poda, machados, sachos, vasoiras, brochas, luvas..., ca única intención de respectar en todo momento o equilibrio natural da paisaxe.

